

## TAXAS DA MATRÍCULA OFICIAL • CURSO 2009-2010

Decreto 147/2006 do 31 de agosto (DOG do 08/09/2006) que modifica o Decreto 156/2002 do 18 de abril (DOG do 03/05/2002)

### INSTRUCCIÓN PARA O PAGAMENTO DE TAXAS

1. Antes de nada, lea atentamente este documento. Se, aínda así, ten algunha dúbida, consúltea na secretaría da EOI antes de efectuar o pagamento.
2. Consigne a seguinte información na cabeceira da folla de liquidación:

Centro académico: <b>Escola Oficial de Idiomas</b>	Cód.:	07
Localidade: <b>Santiago de Compostela</b>	Delegación de: <b>A Coruña</b>	Cód.: <b>10</b>
Servizo: Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Cód.:	03

3. Consigne os importes na banda correspondente da folla de liquidación segundo a táboa que ten no reverso. Comprobe ben os importes que vai aboar, xa que *o centro non poderá devolver as cantidades incorrectamente ingresadas*.  
Deberá acreditar documentalmente con copia e orixinal o dereito ás exencións e descontos.
4. **EFFECTÚE O INGRESO DO IMPORTE DA MATRÍCULA** en calquera das entidades bancarias que figuran ao pé da folla de liquidación.  
Conserve o "Exemplar para o interesado" (*copia branca*), pois servirlle de xustificante e pódelle ser necesario para algúns trámites. Entregue o *Exemplar para o órgano xestor* (copia amarela) xunto coa documentación da matrícula na secretaría.
5. **TAMÉN PODE EFECTUAR O PAGAMENTO POR INTERNET:**  
O pagamento das taxas por Internet poderá facerse a través das seguintes páxinas web:

<http://www.xuntaeco.org>

<http://www.economiaefacenda.org>

### **PASOS QUE CÓMPRE SEGUIR PARA O PAGAMENTO POR INTERNET:**

1. Entre en calquera das dúas páxinas indicadas.
2. Seleccione **TRIBUTARIA**
3. Seleccione **ENTRAR A SERVIZOS DE ACCESO LIBRE**
4. Seleccione **ENTRAR NA OFICINA VIRTUAL** (botón á dereita da pantalla)
5. Seleccione **TAXAS, PREZOS, MULTAS, SANCIÓN**S (no menú da esquerda da pantalla)
6. Seleccione **Pago telemático de taxas e prezos**
7. Seleccione **INICIAR O PROCESO DE PAGAMENTO**
8. No formulario, seleccione:


*Consellaría:* Educación e Ordenación Universitaria **(07)**

*Servizo:* Ensino medio **(003)**

*Delegación:* A Coruña **(10)**

*Taxa:* Escolas Oficiais de Idiomas **(350800)**

Logo de cubrir e validar o correspondente formulario seguindo o proceso indicado, deberase imprimir e presentar copia do mesmo na secretaría do centro para a súa comprobación e formalización da matrícula. Para que este trámite teña validez, deberá asegurarse de que o cuestionario foi correctamente cuberto e aceptado pola entidade que o tramita. Posteriormente a secretaría do centro procederá a contrastar os datos do pagamento a través da Consellaría de Facenda.



# PREZOS PÚBLICOS: TAXAS DA MATRÍCULA

Decreto 147/2006 do 31 de agosto (DOG do 08/09/2006) que modifica o Decreto 156/2002 do 18 de abril (DOG do 03/05/2002)

Os prezos arriba indicados son para 1 idioma e nivel: se un alumno se matricula en máis dun idioma ou máis dun nivel deberá multiplicar o importe polo número de idiomas e/ou niveis nos que se matricule.

<b>Alumnado novo</b> (matricúlase por 1º vez nunha EOI)			<b>TOTAL</b>
Alumnado sen dereito á exención	APERTURA EXPEDIENTE	19 €	89 €
	IMPORTE POR IDIOMA/NIVEL	70 €	
Familia numerosa de categoría xeral	APERTURA EXPEDIENTE	9,50 €	44,50 €
	IMPORTE POR IDIOMA/NIVEL	35 €	
FUNCIONARIOS/AS e persoal laboral en activo da Consellaría de Educación e O.U., os fillos, menores legalmente ao seu cargo e orfos de funcionarios (todos eles menores de 25 anos e non emancipados)	APERTURA EXPEDIENTE	19 €	19 €
	IMPORTE POR IDIOMA/NIVEL	—	
<b>Alumnado antigo, actual, e trasladado doutras EOI de Galicia</b>			<b>TOTAL</b>
Alumnado sen dereito á exención	IMPORTE POR IDIOMA/NIVEL		70 €
Familia numerosa de categoría xeral	IMPORTE POR IDIOMA/NIVEL		35 €
FUNCIONARIOS/AS e persoal laboral en activo da Consellaría de Educación e O.U., os fillos, menores legalmente ao seu cargo e orfos de funcionarios (todos eles menores de 25 anos e non emancipados)	IMPORTE POR IDIOMA/NIVEL		—

## EXENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS

Están exentos do pagamento dos prezos públicos:

- Os membros das **familias numerosas de categoría especial**.
- As **persoas cun grao de minusvalía** igual ou superior ao 33%.
- As **vítimas de actos terroristas**, así como os seus cónxuxes e fillos.

**IMPORTANTE: DEBERASE ACREDITAR DOCUMENTALMENTE  
CON COPIA E ORIXINAL O DEREITO A TODAS AS EXENCIÓNS E DESCONTOS.**